

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

- 1533** *Orde ECC/149/2012, do 30 de xaneiro, pola que se desenvolve o punto Dous. b) do artigo 49 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.*

Nos inicios da crise financeira internacional e en coordinación con outros gobernos da Unión Europea, o Goberno de España aprobou o Real decreto lei 7/2008, do 13 de outubro, de medidas urxentes en materia económico-financiera en relación co Plan de acción concertada dos países da zona euro para facer fronte ao impacto da dita crise no financiamento das entidades de crédito. O citado real decreto lei foi desenvolvido a través da Orde EHA/3364/2008, do 21 de novembro. Mediante ordes do ministro de Economía e Facenda, do 29 de decembro de 2008, e da ministra de Economía e Facenda, do 30 de setembro de 2009, outorgáronse avais da Administración xeral do Estado de acordo co disposto nas citadas normas. O programa de avais así posto en marcha contribuíu eficazmente a facilitar o acceso das entidades de crédito beneficiarias aos mercados de capitais nun ámbito de fortes tensións.

Non obstante, a crise de débeda soberana da Eurozona xerou un incremento das primas de risco exixidas ás entidades de crédito dos países pertencentes á Unión Económica e Monetaria e dificultou, en maior medida, o acceso destas aos mercados grosistas de financiamento. Esta situación, unida á relevante concentración de vencementos de emisións que afrontan as entidades financeiras durante 2012, fai necesario adoptar medidas que faciliten o acceso ao financiamento por parte das entidades e, deste modo, promover o crédito ao sector privado nos próximos meses.

En resposta a esta situación, o Cumio de xefes de Estado e de Goberno da zona euro do 26 de outubro de 2011 acordou a posta en marcha do denominado paquete bancario, dirixido a evitar un proceso abrupto de desapancamento das entidades financeiras da Eurozona e unha posible restrición do crédito dispoñible para a economía real. Este paquete bancario artículase sobre dous piares: por un lado, un proceso de reforzamento do capital das grandes entidades; por outro lado, un sistema coordinado e efectivo de garantías dos Estados membros que facilite o acceso dos bancos ao financiamento a medio e longo prazo.

Así, a Comunicación da Comisión Europea do 1 de decembro de 2011 sobre a aplicación, a partir do 1 de xaneiro de 2012, das normas sobre axudas estatais ás medidas de apoio aos bancos no contexto da crise financeira, prorrogou o marco normativo europeo aplicable durante a crise financeira e revisou a metodoloxía para establecer as comisións mínimas que deben satisfacer as entidades beneficiarias polas garantías, tendo en conta a evolución do perfil de risco das entidades desde o comezo da crise.

Neste contexto e en consonancia coas decisións adoptadas no ámbito da Unión Europea, o Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, autoriza o outorgamento de avais da Administración xeral do Estado ás novas emisións de bonos e obrigacións que realicen as entidades de crédito residentes en España cunha actividade significativa no mercado de crédito nacional.

De conformidade con esta normativa, a orde determina os requisitos para poder solicitar o aval, o procedemento e as comisións de outorgamento e de utilización dos avais outorgados.

Cabe sinalar que na elaboración desta orde se tivo en conta a citada normativa europea de axudas de Estado ao sector financeiro. De conformidade con ela, o outorgamento de avais preséntase cunha vixencia temporal limitada. Así mesmo, as comisións devengadas polas emisións avaladas determinaranse segundo os criterios fixados ao respecto. En calquera caso, e na liña coa práctica habitual en relación cos

avais outorgados ao abeiro do Real decreto lei 7/2008, do 13 de outubro, valorarase semestralmente a necesidade de manter ou modificar o actual programa de avais en función da subsistencia dos motivos que xustifican a súa vixencia.

A norma desenvolve os requisitos que deben cumprir as entidades ou grupos de entidades para poder solicitar o aval.

Concrétanse, así mesmo, os requisitos que deben satisfacer as emisións susceptibles de seren avaladas e regúlanse as comisións devengadas polo aval.

Así, por un lado, e co fin de garantir unha maior eficiencia no proceso de solicitude e de outorgamento dos avais, introduciuse unha comisión de outorgamento cuxo pagamento é preceptivo para o outorgamento do aval e cuxa finalidade é incorporar incentivos para que as entidades axusten as súas solicitudes ás súas necesidades reais de financiamento.

Por outro lado, mantense a exigencia dunha comisión por emisión avalada, como se viña facendo nos programas de avais desenvolvidos ao abeiro do Real decreto lei 7/2008, do 13 de outubro. Neste sentido, cada emisión de valores avalados devengará a favor da Administración xeral do Estado unha comisión que se calculará conforme os criterios fixados no anexo I da orde, establecidos de conformidade coa citada Comunicación da Comisión Europea do 1 de decembro de 2011.

Por último, a norma refírese ao outorgamento dos avais. O importe de aval outorgado a unha entidade virá determinado polo importe solicitado pola dita entidade e polo peso da súa cota de mercado con relación á suma das cotas de mercado de todas as entidades solicitantes. Se o importe do aval solicitado for inferior ao que lle correspondería á entidade polo peso da súa cota de mercado en relación coa do total de solicitantes, outorgaríase o importe solicitado, distribuíndose o excedente entre as demais entidades solicitantes segundo o mesmo criterio do peso relativo das súas cotas de mercado.

Deste modo espérase facilitar o acceso das entidades ás fontes de financiamento, cumprindo así coa finalidade última da norma, que é contribuír á normalización dos fluxos de crédito a familias e empresas. Unha vez outorgado o aval, as entidades poderán realizar as concretas emisións nos prazos sinalados para o efecto.

Debido ao importante compromiso económico asumido coa posta en marcha desta medida, e co obxecto de salvagardar o interese xeral, por canto a Administración xeral do Estado, na súa condición de avalista, ten todos e cada un dos dereitos recoñecidos pola lexislación aplicable para o caso de execución do aval, impónselle, ademais, na disposición adicional única, á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira a obriga de comunicar ao Banco de España a dita execución, por se proceder adoptar algunha das medidas contidas, entre outras disposicións, na Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

Esta orde dítase en virtude da habilitación recollida no parágrafo terceiro da letra b) do número dous do artigo 49 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, na redacción dada pola disposición derradeira decimo sétima do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

Na súa virtude, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

#### Artigo 1. *Características do aval.*

Os avais outorgaranse con renuncia ao beneficio de excusión do artigo 1830 do Código civil e carácter irrevogable e incondicional, nos termos que establezan as ordes de outorgamento.

#### Artigo 2. *Entidades que poden solicitar o aval. Requisitos.*

1. Poderán solicitar avais:
  - a) As entidades de crédito.
  - b) Os grupos consolidables de entidades de crédito.
  - c) As agrupacións de entidades de crédito.

2. As entidades de crédito deberán cumprir os seguintes requisitos:
  - a) Ter o domicilio social en España.
  - b) Ter unha cota de, polo menos, o un por mil do total da partida 2.4. «Préstamos e créditos. Outros sectores» correspondente a residentes en España do último estado UEM 1 (Balance resumido. Negocios en España) publicado no Boletín Estadístico do Banco de España.
  - c) Ter emitido, con ou sen aval da Administración xeral do Estado, valores análogos aos que poden ser obxecto da garantía que regula esta orde entre 2007 e 2011. Se a entidade solicitante for o resultado dun proceso de modificación estrutural dos regulados na Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantís, entenderase satisfeito este requisito sempre que tales emisións fosen realizadas por calquera das entidades participantes no proceso de modificación estrutural.
3. Cada grupo consolidable de entidades de crédito formulará unha única solicitude. Os requisitos establecidos nas letras a) e c) do número anterior deberán ser satisfeitos polo menos por unha das entidades do grupo. O requisito sinalado na letra b) do número anterior enténdese exixido a nivel de grupo e, para os efectos do cómputo da dita cota conxunta, unicamente se incluírá o importe correspondente ás entidades integradas nel que teñan o seu domicilio social en España. En calquera caso, a entidade solicitante deberá cumprir o requisito establecido na letra a) do número anterior.

Non obstante, unha entidade de crédito pertencente a un grupo consolidable que cumpra o disposto nas letras a) e c) do número anterior poderá formular unha solicitude separada da do grupo a que pertenza sempre que, en relación co requisito establecido na letra b) do número anterior, a cota daquela entidade sexa de, polo menos, o cinco por mil.
4. As entidades de crédito con domicilio social en España que cedesen a xestión da súa liquidez no mercado interbancario de modo sistemático a outra entidade coa cal teñan un acordo de compensación contractual poderán agrupar as cotas de todas elas na entidade que teña asignada a xestión. A agrupación así formada deberá cumprir os requisitos sinalados nas letras b) e c) do número 2 deste artigo. Para tales efectos, o requisito establecido na letra b) do número 2 entenderase exixido a nivel da agrupación. En canto ao requisito sinalado na letra c) do dito número, exixírase, polo menos, a unha das entidades que formen parte da agrupación. Será a entidade que leve a xestión a que poderá formular a solicitude de aval. O aval así solicitado concederase a favor exclusivamente da dita entidade solicitante, que será a única facultada para realizar as emisións garantidas.
5. Poderán emitir con aval da Administración xeral do Estado a entidade solicitante ou, en caso de que a entidade solicitante se vexa incurso nun dos supostos previstos na Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantís, a entidade ou entidades ás cales se atribúan os activos e pasivos que formaban a unidade económica do negocio bancario da entidade solicitante en proporción ao valor do negocio bancario asignado a cada unha delas.

**Artigo 3. *Emisións de bonos e obrigacións que poderán ser garantidas.***

As emisións de bonos e obrigacións realizadas en España poderán ser garantidas cando cumpran os seguintes requisitos:

1. Tipo de valor: valores de débeda non subordinada e non garantida con outro tipo de garantías.
2. Prazo de emisión: as entidades beneficiarias do aval poderán realizar emisións avaladas ata o 30 de xuño de 2012. Este prazo poderá ser prolongado por resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira en función de eventuais autorizacións de prórroga da Comisión Europea.
3. Prazo de vencemento: o prazo de vencemento deberá estar comprendido entre un e cinco anos.

4. Rendibilidade: o tipo de xuro poderá ser fixo ou variable. No caso de tipo de xuro variable, o tipo de referencia deberá ser de ampla difusión e utilización nos mercados financeiros.

5. Estrutura das operacións garantidas: a amortización deberase efectuar nun só pagamento. Así mesmo, as emisións avaladas non incorporarán opcións, nin outros instrumentos financeiros derivados, nin calquera outro elemento que dificulte a valoración do risco asumido polo avalista.

6. Importe mínimo: o valor nominal de cada emisión non poderá ser inferior a 10 millóns de euros.

7. Admisión a negociación: os valores deberán admitirse a negociación en mercados secundarios oficiais españois.

#### Artigo 4. *Comisións.*

1. De conformidade co disposto na letra b) do punto Dous do artigo 49 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, e no artigo 117 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, os avais outorgados pola Administración xeral do Estado devengarán, a favor dela, as seguintes comisións:

a) O outorgamento de aval devengará unha comisión do 0,5% do total outorgado, cuxo pagamento deberá ser acreditado pola entidade con carácter previo á formalización do aval por parte do ministro de Economía e Competitividade.

b) Cada emisión avalada de bonos ou de obrigacións devengará unha comisión de emisión, cuxo pagamento deberá acreditar a entidade emisora antes de proceder á emisión. Os importes satisfeitos en concepto de comisión de outorgamento de aval deduciranse integramente desta comisión de emisión. Os criterios para o cálculo das comisións de emisión establécense no anexo I desta orde, de acordo coas directrices para o cálculo dos prezos das garantías recollidas na Comunicación da Comisión Europea do 1 de decembro de 2011 sobre a aplicación, a partir do 1 de xaneiro de 2012, das normas sobre axudas estatais ás medidas de apoio aos bancos no contexto da crise financeira.

2. A Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira liquidará as comisións recollidas no punto 1 deste artigo e fixará os termos en que as ditas comisións se deberán facer efectivas.

#### Artigo 5. *Solicitudes para o outorgamento de avais.*

1. As entidades interesadas deberán presentar a súa solicitude de outorgamento de aval, asinada polo representante da entidade, segundo o modelo establecido no anexo II desta orde, ante a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, que será a encargada da súa tramitación.

2. Salvo no suposto excepcional previsto no parágrafo segundo do artigo 2.3, non poderá presentarse máis dunha solicitude por entidade de crédito, grupo consolidable ou agrupación.

3. O prazo para presentar as solicitudes de outorgamento de aval comezará o día seguinte ao da publicación desta orde no «Boletín Oficial del Estado» e finalizará o 6 de febreiro de 2012.

4. Xunto á solicitude deberase presentar, polo menos, a seguinte documentación:

– Orixinal ou copia compulsada do poder bastante para o efecto do representante da entidade.

– Copia compulsada do DNI do representante da entidade.

– Datos relativos ás emisións realizadas entre 2007 e 2011 de bonos e obrigacións que cumpran os requisitos exixidos en relación coa garantía solicitada, cos seguintes datos: tipo de valor, código ISIN, importe emitido, prazo e tipo de xuro resultante no momento da emisión.

– A Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira poderá solicitar as aclaracións que considere oportunas sobre a información presentada por cada entidade, grupo ou agrupación, así como calquera información adicional que crea conveniente.

## Artigo 6. *Outorgamento dos avais.*

1. O importe máximo de aval que se outorgará ás entidades de crédito solicitantes de aval será de 100.000 millóns de euros, de conformidade co establecido no punto Dous.b) do artigo 49 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.

2. O ministro de Economía e Competitividade outorgará a cada unha das entidades solicitantes de aval o importe resultante de aplicar os seguintes criterios:

a) Partirase da asignación a cada unha das entidades solicitantes do importe de aval consignado na súa solicitude, co límite resultante de multiplicar o importe máximo de aval recollido no número 1 polo peso da súa cota de mercado sobre as cotas do conxunto de entidades solicitantes de aval. A cota de mercado tomarase da partida 2.4. «Préstamos e créditos. Outros sectores» correspondente a residentes en España do último estado UEM 1 (Balance resumido. Negocios en España) publicado no Boletín Estatístico do Banco de España.

b) Se a asignación conforme o punto anterior der lugar á aparición dun remanente respecto do importe máximo de aval establecido no número 1, distribuirase este remanente entre as entidades solicitantes conforme o criterio establecido na letra a) anterior, e sen que en ningún caso o importe outorgado a unha entidade poida superar o consignado por esta na súa solicitude.

3. Non obstante, de conformidade co artigo 118 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, poderase limitar o importe que se vai avalar resultante de aplicar o criterio recollido no punto anterior para minimizar o risco de execución dos avais.

4. O ministro de Economía e Competitividade poderá solicitar ao Banco de España os informes que considere oportunos para os efectos de valorar o cumprimento dos criterios establecidos neste artigo.

5. A orde do ministro de Economía e Competitividade de outorgamento de aval a cada entidade ou grupo de entidades será notificada a cada solicitante pola Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira.

Disposición adicional primeira. *Comunicación ao Banco de España en caso de execución do aval.*

En caso de execución do aval, a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira comunicará esta circunstancia ao Banco de España por se procedese adoptar algunha das medidas contidas, entre outras disposicións, na Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

Disposición adicional segunda. *Autorización da Comisión Europea.*

Os avais regulados nesta orde só poderán ser outorgados tras a preceptiva autorización por parte da Comisión Europea.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación.*

Autorízase o secretario xeral do Tesouro e Política Financeira para ditar cantas resolucións sexan necesarias para a aplicación e execución do previsto nesta orde, en

particular para modificar o anexo I en caso de cambios nos criterios establecidos pola Comisión Europea para o cálculo do prezo mínimo das garantías estatais.

Disposición derradeira segunda. *Normas supletorias.*

O procedemento para o outorgamento de avais rexerá, no non previsto polas normas establecidas na letra b) do punto Dous do artigo 49 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, e nesta orde, pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 30 de xaneiro de 2012.—O ministro de Economía e Competitividade, Luis de Guindos Jurado.

## ANEXO I

**Cráterios para o cálculo das comisións de emisión**1. *Fórmula para a fixación da comisión de emisión de aval*

A comisión por aval que se aplique ao nominal de cada emisión de bonos ou de obrigacións será a suma dos seguintes compoñentes:

- i) 40 puntos básicos.
- ii) 40 puntos básicos pola metade da razón entre a mediana dos diferenciais das permutas de cobertura por incumprimento crediticio (CDS polas súas siglas en inglés) sénior a cinco anos da entidade emisora durante os tres anos que finalicen un mes antes da data de emisión dos bonos ou obrigacións avalados e a mediana do índice iTraxx Europe Senior Financial a cinco anos durante o mesmo período de tres anos.
- iii) 40 puntos básicos pola metade da razón entre a mediana das medianas dos diferenciais de CDS sénior a cinco anos de todos os Estados membros da Unión Europea que dispoñan de datos de diferenciais de CDS e a mediana dos diferenciais dos CDS de España a cinco anos durante o mesmo período de tres anos.

Os compoñentes anteriores calcularanse para cada unha das emisións que se leven a cabo.

En caso de dispor de diferenciais de CDS denominados en diferentes divisas, teranse en conta os correspondentes aos mercados máis líquidos.

2. *Emisores sen diferenciais de CDS representativos*

Para os emisores que dispoñan de cualificación crediticia pero carezan de datos de diferenciais de CDS segundo polo menos un dos provedores de información financeira de ampla difusión ou estes non se consideren representativos a xuízo do Banco de España tomarase, para efectos do cálculo do numerador da razón do punto ii) do número anterior, a mediana das medianas dos diferenciais de CDS a cinco anos, durante o mesmo período de tres anos, dunha cesta de entidades dos Estados membros da Unión Europea representativa da súa mesma categoría de calidade crediticia.

Consideraranse tres categorías de calidade crediticia, «AA», «A» e «BBB ou inferior», e cada unha delas englobará os diferentes niveis correspondentes. Para os efectos de identificar a categoría que lle corresponde a un emisor, terase en conta a mellor das cualificacións crediticias de que dispoña no momento da emisión de entre as tres principais axencias de ráting, e será suficiente unha cualificación crediticia para considerar que o emisor dispón de ráting.

3. *Emisores sen cualificación crediticia*

Para os emisores que carezan de datos de diferenciais de CDS segundo polo menos un dos provedores de información financeira de ampla difusión no momento da emisión, ou estes non sexan representativos a xuízo do Banco de España, e ademais non dispoñan de cualificación crediticia tomarase, para efectos do cálculo do numerador da razón do número 1.ii), a mediana das medianas dos diferenciais de CDS a cinco anos, durante o mesmo período de tres anos, dunha cesta de entidades dos Estados membros da Unión Europea representativa da categoría de calidade crediticia «BBB ou inferior».

4. *Cestas de entidades representativas de cada categoría de calidade crediticia*

Publicaranse na páxina web da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira as cestas de entidades dos Estados membros da Unión Europea representativas de cada unha das categorías de calidade crediticia establecidas, que se actualizarán en función das eventuais revisións da súa composición pola Comisión Europea.

## ANEXO II

### Modelo de solicitude de aval

D/D.<sup>a</sup> XXXXXXXX (identificación da persoa que vai solicitar o aval en nome da entidade e que presenta a solicitude, ben en nome dunha entidade ou ben en representación dun grupo consolidable ou dunha agrupación), con poder bastante para o efecto, outorgado con data XXXX e que achego xunto con copia compulsada do DNI, declaro coñecer os requisitos para o outorgamento de avais recollidos na Orde EC/XXX/2012, do XX de XXXX, pola que se desenvolve o punto Dous.b) do artigo 49 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, o prazo de presentación das solicitudes de outorgamento de avais e o modelo de solicitude, e acepto as condicións establecidas na citada orde. Así mesmo, declaro que a entidade por min representada cumpre os requisitos establecidos na dita orde e demais normativa que sexa de aplicación.

En consecuencia, solicito aval da Administración xeral do Estado (elixir unha das seguintes opcións):

- a) Polo importe máximo que corresponda á entidade por min representada segundo o establecido no número 2 do artigo 6 da Orde EC/XXX/2012, do XX de XXXX.
- b) Por un importe de XXXXX (expresar o importe en millóns de euros sen decimais).

Para estes efectos, achego a seguinte información:

1. Datos identificativos da entidade que presenta a solicitude.

1.1 Nome:

1.2 Domicilio social:

1.3 CIF:

1.4 Cualificación crediticia da entidade (consignar, se for o caso, a mellor das cualificacións de que dispoña a entidade):

1.5 Enderezo para efectos de notificacións:

1.6 Designación de persoas de contacto. Para cada persoa de contacto especificarase:

- a) Nome, apelidos e cargo que ocupa.
- b) Teléfono.
- c) Enderezo de correo electrónico.
- d) Enderezo postal.

1.7 A solicitude preséntase (citar a opción que corresponda):

- a) En nome dunha entidade de crédito.
- b) En representación dun grupo consolidable.
- c) En representación dunha agrupación das recollidas no número 2.4 da Orde EC/XXX/2012, do XX de XXXX.
- d) Amparándose no suposto do parágrafo segundo do artigo 2.3 da Orde EC/XXX/2012, do XX de XXXX.

1.8 En caso de que a solicitude se presente en representación dun grupo consolidable ou dunha agrupación, indíquense as entidades incluídas así como domicilio social e cualificación crediticia delas:

2. Datos relativos ao volume de crédito da entidade:

2.1 Declaro que o volume de crédito a residentes de nome (da entidade, grupo consolidable ou agrupación) é XXXXX, expresado en miles de euros (en caso de grupo consolidable ou agrupación indícase o volume total) e correspóndese coa partida 2.4. «Préstamos e créditos. Outros sectores» correspondente a residentes en España do



último estado UEM 1 (Balance resumido. Negocios en España) publicado no Boletín Estadístico do Banco de España.

2.2 No caso de grupos consolidables ou agrupacións, a desagregación dos volumes individuais, expresados en miles de euros, das entidades que o integran para os efectos da mencionada solicitude é:

3. Datos relativos ás emisións realizadas entre 2007 e 2011 de bonos e obrigacións que cumpran os requisitos exixidos para seren obxecto da presente garantía (detallarase para cada tipo de valor por separado).

- 3.1 Tipo de valor:
- 3.2 Código ISIN:
- 3.3 Importe emitido:
- 3.4 Prazo:
- 3.5 Tipo de xuro resultante no momento da emisión:

4. Outros datos que poidan ser relevantes, a xuízo do solicitante, para os efectos desta solicitude:

Lugar, data e sinatura,

O representante da entidade solicitante

Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira.  
Subdirección Xeral de Medidas Económicas Extraordinarias.  
Paseo do Prado, 6. 28014 Madrid.